



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ANUNCIO

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DA OBRA “AGLOMERADOS NAS PARROQUIAS DE ZAS, BAIO E S. ADRIAN” COAS 032020.

Extracto da acta nº 3 da Mesa de contratación, celebrada o día 24 de novembro de 2020.

Os membros da mesa de contratación celebran sesión para comprobar a documentación presentada, en prazo e forma, pola empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L., a través da PCSP, relativa ao expediente de contratación da obra “Aglomerado nas parroquias de Zas, Baio e S. Adrián” (COAS 032020), que se desenvolve mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, tras o requirimento efectuado mediante anuncio publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

A documentación presentada polo licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L. no presente contrato é a seguinte:

1. Índice de documentos presentados
2. Inscripción no ROLECE de Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
3. Dirección electrónica habilitada para notificacións.
4. Certificado de encontrarse ao corrente coas obrigas Tributarias.
5. Certificado de encontrarse ao corrente coa Seguridade Social.
6. Garantía definitiva: aval pola cantidade de 4.078,46 €
7. Declaración de dispoñer efectivamente dos medios adscritos.
8. Medios persoais:
Construcciones Ponciano Nieto, S.L. presenta declaración medios persoais que se compromete a adscribir, acompañado de ITA xustificativo.
9. Acreditación Igualdade: Acreditación da implantación do plan de igualdade de Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
10. Cursos prevención riscos laborais: Diplomas de estar en posesión dun curso de formación en riscos laborais cunha duración mínima de 5 horas.
11. Medios materiais:
Construcciones Ponciano Nieto, S.L. presenta declaración de dispoñer dos medios materiais esixidos en propiedade.

A mesa de contratación examina a documentación presentada polo licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e consulta o Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. A mesa conclúe que o licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L. acredita o seguinte:

- A personalidade e a capacidade.
- Representación.
- Inexistencia de prohibición de contratar.
- A clasificación.
- Que está ao corrente coas obrigas tributarias da C.A.G., do Estado e da Seguridade Social.
- Unha dirección electrónica habilitada para notificacións.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

A continuación consultase co arquitecto a adscrición de medios persoais e materiais que presenta o licitador. Este conclúe que a adscrición de medios está acreditada.

A mesa consulta con Tesourería, sobre estar o licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L., ao corrente coas obrigas co concello. Tesourería emite informe favorable.

O presidente da Mesa despois de que esta examine a documentación requirida ao licitador conforme á cláusula 16.1 e o punto 13 do cadro de características do PCAP e tome en consideración o informe de tesourería, propón:

Primeiro: Considerar que toda a documentación presentada por Construcciones Ponciano Nieto, S.L. é correcta.

A Mesa, por unanimidade dos presentes, aproba o punto primeiro da proposta de alcaldía.

O presidente propón:

Segundo: Elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor do licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L.

A interventora sinala que non está de acordo polos motivos expostos na acta anterior. O art.159.4.e)LCSP establece que nos procedementos abertos simplificados, a valoración do sobre B ten que efectuarse polos servizos técnicos do concello. No procedemento actual a valoración do sobre B efectuouse por un técnico externo, polo que tivo que votar en contra desta valoración e consecuentemente da valoración final e da proposta de adxudicación.

A interventora indica que ademais incorre en reparo suspensivo a proposta do presidente .A Secretaria pronúnciase no mesmo sentido, e indica que sendo a súa función asesorar á Mesa e ó órgano de contratación se entende informada a proposta en sentido desfavorable e o seu voto é en contra da proposta.

Primeira votación:

Votos a favor: Manuel Muiño Espasandín (presidente) , Ángelica Pose Lema (vogal nº 2)

Votos en contra: Laura Rodríguez Arranz (interventora), María Garrote López (secretaría).

Ante o empate votos, se repite a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: Manuel Muiño Espasandín (presidente) , Ángelica Pose Lema (vogal nº 2)

Votos en contra: Laura Rodríguez Arranz (interventora), María Garrote López(secretaria).

Polo tanto a Mesa, co voto de calidade do Presidente, **acorda Elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor do licitador Construcciones Ponciano Nieto, S.L.**

O que se comunica os efectos oportunos.

Zas, 24 de novembro de 2020.

O secretario da Mesa de contratación.

Roberto Álvarez Grela.